

COMISIÓN INFORMATIVA DE TERMALISMO, TURISMO E MEDIO AMBIENTE

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **23 de xullo de 2020**

No salón de sesións do Pazo Provincial, as 17.30 horas do día 23 de xullo de 2020, reúnese a comisión informativa de Termalismo, Turismo e Medio Ambiente, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidenta: D.^a Ana María Villarino Pardo

Deputados/as do Grupo Popular:

D. César Manuel Fernández Gil

D.^a Consuelo Vispo Seara

D. Miguel Antonio Cid Álvarez

D.^a Ana Patricia Torres Madureira

Deputados/as do Grupo Socialista:

D.^a Susana Rodríguez Estévez

D. Álvaro Vila Araújo

D.^a Margarita Pérez Fernández

Deputado de Democracia Ourensana: D. José Miguel Caride Domínguez

Deputado do BNG: D. Bernardo Varela López

Deputada de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía: D.^a Montserrat Lama Nóvoa

Secretario: D. Juan Marquina Fuentes

Interventor: D. José Mosquera Casero

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 18 DE XUÑO DE 2020.-

Pola Secretaría Xeral deuse traslado do borrador da acta anterior, correspondente á ordinaria do día 18 de xuño de 2020.

Non se producen intervencións e por unanimidade a comisión adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa de Termalismo, Turismo e Medio Ambiente do día 18 de xuño de 2020, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- MOCIÓN DE URXENCIA.- Non se presentan.

3º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

A **presidenta da comisión** toma a palabra para responder a preguntas formuladas na anterior sesión desta comisión. Así, respecto á pregunta formulada polo deputado Bernardo Varela do BNG sobre o expediente de contratación de MEISA, informa que en data 25.06.2020 se publicou o prego de condicións no perfil do contratante da citada entidade, rematando na data 30.07.2020 o prazo de presentación de ofertas.

Seguidamente a presidenta da comisión informa que se abriu novamente o prazo de presentación de solicitudes do Programa de termalismo social desta Deputación, rexistrándose 412 solicitudes ata a data de hoxe.

Toma a palabra **dona Montserrat Lama Nóvoa de Ciudadanos** para pregunta si existe algún avance respecto ás catas e xestións para a creación do Gran Hotel Balneario da cidade neste Pazo Provincial.

A **presidenta da comisión** informa que non se produciron novidades dende a derradeira dación de conta sobre este asunto, se ben indica que manterá informados aos membros desta comisión.

D. Bernardo Varela López, portavoz do BNG, indica que recentemente saíu recollido na prensa que a Deputación colaborará coa posta marcha dun *ecobarco* ou catamarán por unha entidade privada, polo que fai o rogo, trasladado pola Alcaldía do concello de Castrelo de Miño, que se teña en conta aos concellos afectados para este tipo de

actuacións, particularmente cando o concello de Castrelo de Miño é o único que conta con punto de atraque debidamente autorizado.

A presidenta da comisión toma nota do rogo formulado.

D.^a Margarita Pérez Fernández, do PS de G-PSOE, pregunta se existen datos actualizados de participación no Programa do termalismo solidario, promovido por esta Deputación Provincial.

A presidenta indica que non conta con datos actualizados, e que estes se lles facilitarán aos integrantes da comisión.

E, ás 18.45 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.